


CONTACTANDO COA ANTÁRTIDA



Seguindo coa quenda de videoconferencias organizadas polo Departamento de Ciencias Naturais, o pasado xoves 24 de xaneiro puidemos contactar vía satélite cunha das dúas bases españolas instaladas na Antártida, onde científicos e militares conviven nalgúns meses do ano (que alí coinciden co verán) para investigar, neste caso, sobre a efectividade ou capacidade de actuación de principios activos obtidos dalgúns invertebrados desas terras na súa aplicación contra o cancro.

A loita contra o cancro é soada en todo o mundo, e esperta a nosa curiosidade sobre estes avances ó ver cómo é o cancro unha enfermidade que lle afecta a unha proporción considerable da poboación de todo o mundo e se converte nunha das enfermidades actuais perigosas e descoñecidas cuxos tratamentos son complexos. A pesar disto, as preguntas que compañeiros e compañeiras de toda a ESO lle fixeron a Javier Cristobo—natural de Ares e científico membro da expedición— foron máis encamiñadas a saber máis sobre cómo é a vida e as condicións na Antártida, qué anécdotas nos poderían contar e, en xeral, aspectos cotiás da estancia alí.

Axudounos un *dossier* que nos remitiron para ter máis información sobre a viaxe ata alí e a súa experiencia. En relación á súa labor científica, faláronnos do seu proxecto, o proxecto “Actiquim” —cuxo nome se corresponde co dun medicamento—. Este proxecto estuda os mecanismos químicos de defensa que utilizan algúns invertebrados da Antártida fronte a posibles depredadores, expulsando substancias tóxicas, estímulos inhibidores, etc. (amén dos mecanismos físicos ou mecánicos, tamén mencionados).

Estes feitos curiosos e particulares en cada especie, incitan á investigación para aproveitar esas propiedades que a natureza nos brinda e que a medicina e a ciencia poden utilizar en prol da humanidade como é no avance contra enfermidades contra o cancro.

Ó saber que os cancros son tecidos formados por células anómalas que sufriron unha mutación debida a axentes varios, e saber que son substancias tóxicas, reais velenos os que poden destruír estes tecidos e impedir o avance da enfermidade coa conseguinte “invasión” de órganos do corpo e deterioro ou afección do seu funcionamento, o saber que substancias naturais orgánicas utilizadas por invertebrados para a súa propia defensa resulta alentador e interesante. É preciso eloxiar a súa labor.

E así, levamos ata o momento unhas cantas videoconferencias (e non ha de ser esta a derradeira), só queda botar a conta.